

A CAMPAÑA DE VERÁN “UN ALENTO DE VIDA” CHEGA A FERROL

A campaña de doazón de sangue “Un alento de vida” da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) chega este venres 26 de xuño ata a cidade de Ferrol. A unidade móbil da Axencia estará estacionada na Praza de Armas das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas e ao carón do vehículo instalarase unha montaxe consistente nunha típica terraza de verán. O obxectivo da campaña é concienciar á cidadanía de que, aínda que o período estival sexa eminentemente vacacional, os centros hospitalarios galegos continúan precisando da colaboración dos cidadáns e, diariamente, precísanse ao redor de 400 doazóns de sangue.